



13ª EDICIÓN DE PREMIOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á EXCELENCIA ACADÉMICA NO BACHARELATO CURSO 2017/2018

1.- OBXECTO DOS PREMIOS.

O obxecto é recoñecer o esforzo e dedicación do alumnado que teña alcanzado resultados académicos excelentes nos seus estudos de bacharelato, premiando aqueles que teñan a mellor nota de admisión á universidade e que formalizaren matrícula en calquera das titulacións oficiais que se imparten nos Centros Propios da Universidade da Coruña no curso académico 2017/2018.

2.- CONDICIÓN DAS PERSOAS SOLICITANTES.

Poderán solicitar os Premios Universidade da Coruña á excelencia académica no bacharelato todos aqueles estudantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter finalizado os estudos de bacharelato no curso académico 2016/2017 en calquera centro educativo recoñecido pola administración educativa en todo o territorio nacional.
- b) Nota de admisión á universidade igual ou superior a 9.00. Non se terán en consideración aquelas solicitudes cunha media inferior á sinalada.
- c) Terse matriculado por primeira vez no curso académico 2017/2018 en calquera das titulacións oficiais impartidas nos centros propios da Universidade da Coruña.

3.- DOCUMENTACIÓN.

O estudante deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude na que consten os datos persoais do interesado, segundo o modelo que se xunta.
- b) Fotocopia do DNI.

4.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será **a partir da publicación desta convocatoria até o día 16 de outubro de 2017, ás 14:00 horas**. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa Maestranza, 15001 A Coruña), ou nos Rexistros Auxiliares: campus da Zapateira (Facultade de Ciencias, andar baixo A Coruña), ou campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo. Campus de Esteiro. Ferrol).

5.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria procederá a convocar o xurado dos premios. O xurado, unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos establecidos no apartado 2 da presente convocatoria de Premios, avaliará as solicitudes presentadas.

Concederáse un máximo dun Premio por titulación e programa simultáneo, séndolle outorgado ao estudante que teña a mellor nota de admisión á universidade de entre todos aqueles solicitantes que no presente curso académico 2017/2018 se matricularen por primeira vez na Universidade da Coruña nunha titulación oficial dun centro propio. No caso de empate, utilizarase como criterio dirimente a cualificación do estudante na nota de acceso (nota media do bacharelato e da fase xeral da ABAU).

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes publicarase no taboleiro electrónico oficial da UDC a relación provisional de persoas adxudicatarias, así como a relación de solicitudes excluídas, xunto coa causa que implica a súa exclusión. As persoas interesadas disporán dun prazo de *cinco días hábiles* para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren. Unha vez rematado o prazo o Xurado elevará o Consello de Goberno a proposta de resolución definitiva. Esta resolución esgorará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso administrativo da Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, segundo establece os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- XURADO DOS PREMIOS.

A Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno (ligazón http://www.udc.es/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/comisions_estables.html) presidida pola vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, actuará como Xurado dos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, facendo a oportuna proposta de concesión ao Consello de Goberno da Universidade. O xurado poderá propoñer a declaración de deserto dalgún dos premios.

7.- NÚMERO DE PREMIOS, DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.

Concederáse un máximo de 44 premios, un por cada titulación e programa simultáneo oficial da Universidade da Coruña.

O premio consistirá nun diploma acreditativo do mesmo, expedido polo reitor da Universidade da Coruña, e unha dotación económica de **700 euros brutos**, que se aboará mediante cheque bancario a nome do interesado. Ao importe bruto do premio seralle de aplicación o previsto no Real Decreto Lexislativo 3/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A concesión do premio figurará no expediente académico do alumno e farase constar fidedignamente.

O financiamento farase con cargo á partida orzamentaria 0300030029.422D.480.03

"PREMIO EXCELENCIA ACADÉMICA BACHARELATO - VICERREITORIA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA”.

8.- RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN E ENTREGA DOS PREMIOS.

O xurado elevará a proposta de Resolución da concesión ao Consello de Goberno da Universidade, órgano que decidirá ao respecto. Trala súa aprobación polo Consello de Goberno, farase pública no taboleiro electrónico oficial da Universidade da Coruña a relación nominal das persoas que obtiveran os premios. Esta publicación será válida para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O acto de entrega dos premios correspondentes a esta 13ª Edición de Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato terá lugar o día 29 **de xaneiro de 2018**, con motivo da Festividade de San Tomé de Aquino “Día da Universidade”

9. EFECTOS DOS PREMIOS.

A obtención dun Premio Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato non producirá máis efectos cos establecidos na presente convocatoria.

A Coruña, 28 de setembro de 2017

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López



Vicerreitoría de Estudantes, Participación
e Extensión Universitaria

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

13ª EDICIÓN DE PREMIOS UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á EXCELENCIA ACADÉMICA NO BACHARELATO

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

D.N.I. nº: _____ TELÉFONO: _____

CORREO ELECTRÓNICO*: _____

CENTRO ONDE ESTÁ MATRICULADO: _____

TITULACIÓN: _____

NOTA MEDIA EXPEDIENTE BACHARELATO: _____

CUALIFICACIÓN PROBAS ACCESO UNIVERSIDADE: _____
(Sen a fase específica)

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2017

ASDO.: _____

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE A SOLICITUDE

Fotocopia D.N.I

*A efectos de comunicacións.

**SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E
EXTENSIÓN UNIVERSITARIA**